

CULTURA Y TV

Mella dimite da presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega

REDACCIÓN A CORUÑA

«Diferente interpretación dos acordos da directiva». Esta é a razón que deu Carlos Mella para abandonar a presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega, segundo unha carta remitida os membros da entidade polo secretario da mesma, Miguel Anxo Fernán-Vello.

A historia da dimisión arrinca da Asemblea Xeral de socios celebrada o día 9 de xuño en Compostela na que foi reelexido o actual Consello Directivo con 17 votos a favor e sete abstencíóns.

A propia directiva acordou, ante a falta de candidaturas para a súa renovación, promover unha que se presentaría no mes de xaneiro do 2002. Catro días despois da Asemblea Xeral, Carlos Mella presentou a súa dimisión, que foi admitida polo Consello Directivo reunido o día 23 de xuño. Nesta xuntanza acordouse agradecer públicamente o traballo de Carlos Mella.

O vicepresidente Xosé María Álvarez Cáccamo ocupará a presidencia hasta a Asemblea Estraordinaria de xaneiro.

LA VOZ DE GALICIA, S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141. CIF: A 15000649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177